



RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE 1.980,32 METROS CADRADOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A COLECTORES XERAIS E NOVA EDAR DE FOZ, NO TERMO MUNICIPAL DE FOZ (LUGO)

Expediente: CNC10/18/27/0002

Visto o expediente tramitado por Augas de Galicia, pertencente á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, de solicitude de concesión de ocupación de mil novecentos oitenta con trinta e dous metros cadrados (1.980,32 m²) de dominio público marítimo-terrestre (DPMT) con destino a colectores xerais e nova EDAR en Foz, no termo municipal de Foz (Lugo), para os efectos do establecido no artigo 156 do Regulamento Xeral de Costas, aprobado por Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC), figuran no Servizo do Litoral de Lugo os seguintes:

I. ANTECEDENTES

1. O 06.02.2026 recíbese da Demarcación de Costas de Galicia, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a documentación relativa ao expediente de referencia, para os efectos de continuar coa súa tramitación e posterior resolución, de conformidade co disposto no Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

Os datos do expediente son os seguintes:

Solicitante:	Concello de Foz
Data da solicitude:	6 de setembro de 2018
Obxecto:	Colectores xerais e nova EDAR de Foz
Situación:	Caldouceiros (Foz)
Superficie en DPMT:	1.980,32 m ²



2. A EDAR de Foz presentaba desde hai anos deficiencias no seu funcionamento que impiden o logro de obxectivos de calidade na auga tratada. Adicionalmente, a vertedura prodúcese na ría de Foz, un espazo con protección ambiental. Por este motivo, redactouse o proxecto das actuacións necesarias para a execución dos colectores e a nova Estación Depuradora de Augas Residuais de Foz; así como a demolición da EDAR actual, que xa non ten capacidade para garantir o cumprimento dos límites de vertedura.

O proxecto inclúe, xunto coa nova EDAR, os colectores, estacións de bombeo e impulsións necesarias para o transporte das augas residuais ata a nova EDAR, así como a execución dunha condución de desaugadoiro por onde se evacúen ao mar as augas residuais tratadas. No seu Anexo 28 define as actuacións que se atopan dentro da zona de DPMT, que están diferenciadas en dous apéndices independentes no antedito anexo:

- Ocupación da condución de vertedura
- Ocupación na zona da praia de Llas, nova EBAR Llas 1 e condución de impulsión

Condución de vertedura


Para dar saída ás augas depuradas da EDAR de Foz deséñase unha condución de desaugadoiro ao mar, que parte do colector de gravidade que sae da EDAR e verte á masa de auga ES01419C A Mariña ESTE.

A condución de desaugadoiro terá unha lonxitude total de 621,71 metros, 50 dos cales quedan fóra do DPMT tal como se amosa nos planos. Distínguense 2 tramos:


- Un tramo inicial de 35 metros de lonxitude, que se proxecta executar en gabiá con tubaxe de PVC400, dando continuidade ao colector por gravidade que sae da EDAR desde o pozo P19, e terminando na arqueta P20.
- Tramo principal, de 586,71 m. de lonxitude, proxectado mediante Perforación Horizontal Dirixida con tubaxe PE450. Este tramo iníciase na arqueta P20, e finaliza no punto de vertedura de Coordenadas X: 639.450, Y: 4.827.880.

De cara ao cómputo da superficie de ocupación, de acordo co artigo 184.2 do RXC, no caso de que a ocupación das conducións por metro lineal sexa inferior a un metro de ancho considérase unha anchura mínima dun metro no cálculo da súa ocupación. Desta forma, en base á súa lonxitude total, a superficie de ocupación da nova condución de vertedura submarina sería de 621,71 m², pero tendo en conta os 52,71 metros que quedan fóra do DPMT, resulta unha superficie final de ocupación de DPMT de **569,00 m²**.





Extracto do plano Nº 8. "OCUPACIÓN DPMT" do Proxecto "CONDUCCIÓN DE DESAGÜE DE LA NUEVA EDAR DE FOZ (LUGO). OH.327.661 PC"



Extracto do plano Nº 3. "PLANTA Y PERFIL CONDUCCIÓN DESAGÜE" do Proxecto "CONDUCCIÓN DE DESAGÜE DE LA NUEVA EDAR DE FOZ (LUGO). OH.327.661 PC"

Estacións de bombeo e conducións no entorno de Llas e Peizás

En data 14.06.2024, en contestación a oficio do Servicio Provincial de Costas en Lugo, Augas de Galicia achegou documentación complementaria ao proxecto "Colectores xerais e nova estación depuradora de augas residuais de Foz. Foz (Lugo). OH.327.661 PC" respecto ás instalacións existentes no entorno do bombeo de Llas 1 e impulsión. Desta documentación extráese o dato corrixido das superficies do DPMT ocupado por estas instalacións unha vez rematadas as obras, que son as que se amosan na seguinte táboa:





INSTALACIÓN	LONXITUDE (m)	ANCHO (m)	SUPERFICIE (m ²)
Colector nº1	397,00	1,00	397,00
Colector nº2	46,00	1,00	46,00
Colector nº3	287,00	1,00	287,00
Impulsión Ø160	187,20	1,00	187,20
Aliviadero	18,00	1,00	18,00
Bombeo novo	----	----	94,30
TOTAL bombeo Llas 1			1.029,50

Por outro lado, tamén se comunica o desprazamento do novo bombeo de Llas 1 ao sur, co fin de situalo fóra da ribeira do mar, atendendo á consideración realizada polo Servizo Provincial de Costas en Lugo no seu oficio.

Do mesmo xeito, en data 25.09.2024, en contestación a oficio do Servizo Provincial de Costas en Lugo, Augas de Galicia achegou documentación complementaria ao proxecto respecto ás instalacións existentes no entorno do bombeo de Llas 2 e Peizás. Desta documentación extráese o dato das superficies do DPMT ocupado polas instalacións existentes nesta zona, que son as que se amosan nas seguintes táboas:

INSTALACIÓN	LONXITUDE (m)	ANCHO (m)	SUPERFICIE (m ²)
Impulsión Ø110	345,00	1,00	345,00
Bombeo actual	----	----	5,00
TOTAL bombeo Llas 2			350,00

INSTALACIÓN	LONXITUDE (m)	ANCHO (m)	SUPERFICIE (m ²)
Colector Ø315	8,24	1,00	8,24
Impulsión Ø110	8,00	1,00	8,00
Bombeo actual	----	----	15,58
TOTAL bombeo Peizás			31,82

Da análise do proxecto "Colectores xerais e nova estación depuradora de augas residuais de Foz. Foz (Lugo). OH.327.661 PC" e da documentación complementaria achegada por Augas de Galicia conclúese que a superficie final de ocupación de DPMT é de **1.411,32 m²**, unha vez rematadas as obras da nova EBAR Llas 1 e a súa condución de impulsión, e tendo en conta tamén as superficies ocupadas polas instalacións xa existentes das conducións e bombeos de Llas 2 e Peizás.





Extracto do plano Nº 2. "NUEVO BOMBEO LLAS 1 SUPERFICIES DE OCUPACIÓN" do Proxecto "COLECTORES XERAIS E NOVA EDAR DE FOZ. (FOZ), OH.327.661 PC"

Resumo ocupación DPMT

Segundo a documentación técnica aportada a superficie total de ocupación das actuacións incluídas neste expediente de concesión de ocupación de dominio público marítimo terrestre é de **1.980,32 m²**, resultado da suma das superficies amosadas na táboa:

OCUPACIÓN DPMT	SUPERFICIE (m ²)
Condución de vertedura	569,00
Bombegos e conducións na zona da praia de Llas e Peizás (Llas 1, Llas 2 e Peizás)	1.411,32
TOTAL	1.980,32

II. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

1. O 06.09.2018 rexístrase no Servizo Provincial de Costas de Lugo a solicitude, presentada por Augas de Galicia, para o outorgamento dunha concesión administrativa de ocupación de dominio público marítimo-terrestre (DPMT) en base ao anteproxecto "Colectores xerais e nova EDAR en Foz. Foz (Lugo)".

2. O 21.09.2018 o Servizo Provincial de Costas en Lugo remitiu un informe sobre a solicitude de concesión á Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Marítimo-Terrestre, en Madrid.





Tras a remisión deste informe á Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Marítimo-Terrestre proseguíu a tramitación do expediente, que se prolongou durante anos, nos que se emitiron numerosos requirimentos ao solicitante para que emendase determinados aspectos da documentación. Constan no expediente diversas contestacións aos requirimentos coa achega de nova documentación.

Os mencionados requirimentos e achegas de documentación respondían, entre outras, ás solicitudes da Subdirección Xeral para a Protección do Mar e da Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña; no marco de emisión dos respectivos informes.

3. A actuación está suxeita á avaliación de impacto ambiental ordinaria, polo que, dentro do procedemento de aprobación do anteproxecto de colectores xerais e nova EDAR de Foz (Lugo), e de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, someteuse a información pública por un prazo de trinta (30) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 37, do 21.02.2019.

En relación á Información Pública realizada no marco da tramitación ambiental, consta no expediente o anuncio publicado no DOG, así como o documento xeral de resposta ás alegacións presentadas, asinado polo Redactor e o Director do anteproxecto en setembro de 2019.

No dito documento enuméranse os informes recibidos dos organismos públicos, así como as 193 alegacións de particulares e asociacións, ás que se lles da resposta.

Informes remitidos por Organismos Públicos:

“Dirección Xeral de Saúde Pública. Consellería de Sanidade

Esta DX indica que «de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas», descartando facer novas achegas a maiores das realizadas. Efectivamente, Augas de Galicia cumprirá e fará cumprir os estándares de calidade establecidos tanto no proxecto construtivo como na execución e explotación dos colectores xerais e nova EDAR.

Portos de Galicia. Consellería do Mar

A entidade informa favorablemente a que se autoricen as obras mediante un convenio de colaboración entre Augas de Galicia, Portos de Galicia e no seu caso o Concello de Foz.

Neste convenio ou no proxecto construtivo contemplaranse unha serie de aspectos que a entidade enumera no seu informe.





Servizo de Vías e Obras. Deputación de Lugo

No proxecto construtivo contemplaranse os requirimentos expostos polo Servizo de Vías e Obras no relativo ao cruzamento da calzada LU-P-2006 no P.K. 0+580. Previo á súa execución, será solicitada a autorización polo Concello de Foz conforme ó indicado.

Instituto de Estudos do Territorio. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Na redacción do proxecto construtivo terase en conta a solicitude do preceptivo informe previsto no artigo 51 do POL, segundo indica o Instituto de Estudos do Territorio

ADIF

A entidade presenta informe favorable cunha serie de condicionantes que serán considerados durante a redacción do proxecto construtivo e na fase da execución das obras.

Concello de Foz

No seu informe indícase a compatibilidade urbanística do Anteprojecto co Plan Xeral de Ordenación Municipal."

4. O 09.06.2021 asinouse a "Declaración de Impacto Ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, relativa ao anteprojecto de conducións xerais e nova EDAR de Foz, no Concello de Foz (Lugo), promovido por Augas de Galicia (Clave: 2016/0123)."

5. O 18.08.2021 recíbese en Augas de Galicia solicitude do Concello de Foz de autorización para o vertido ao mar (cunca da ría de Foz) de augas residuais urbanas depuradas procedentes da nova EDAR de Foz localizada na zona de Caldouceiro – San Martiño de Mondoñedo (t.m. Foz).

6. O 25.10.2021 Augas de Galicia remite ao Servizo Provincial de Costas en Lugo documentación aos efectos da tramitación da correspondente concesión de ocupación de terreos de DPMT para a nova EDAR de Foz.

7. O 10.03.2023 rexístrase no Servizo Provincial de Costas de Lugo a solicitude, presentada polo Concello de Foz, para o outorgamento dunha concesión administrativa de ocupación de DPMT para a "nova estación de bombeo de Llas 1 e impulsión", achegando separata do proxecto redactado por Augas de Galicia.



8. O 28.03.2023 o Servicio Provincial de Costas en Lugo comunica ao Concello de Foz que, en aplicación do artigo 156 do RXC, a solicitude de concesión formulada para "nova estación de bombeo de Llas 1 e impulsión" forma parte do proxecto "Conducciones Generales y nueva EDAR en Foz (Lugo). OH.327.661", e que como tal deberán ser tramitadas conxuntamente todas a ocupacións de DPMT polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

9. O 16.11.2023 ten entrada en Augas de Galicia documentación presentada polo Concello de Foz correspondente á condución de desaugue da nova EDAR de Foz, a cal é remitida ao Servizo Provincial de Costas en Lugo o 04.12.2023.

10. Por parte da Área de Vertidos de Augas de Galicia, actuando como órgano substantivo e segundo o disposto no artigo 152.6 do Regulamento Xeral de Costas, solicitáronse os seguintes informes:

- Ministerio de Defensa, o cal *"emite informe FAVORABLE a la citada actuación, (...) evacuando a tal fin, el trámite previsto en el citado artículo 152.6. del mencionado Reglamento General de Costas"*;
- Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas,
- Departamento Territorial da Consellería de Sanidade,
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático,
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar,
- Área de Calidade das Augas de Augas de Galicia.

A transcripción das respostas ás ditas solicitudes de informe consta na proposta de resolución de autorización de vertido emitida en data 25.02.2026, que forma parte deste expediente.

11. Consta no expediente informe de compatibilidade coas estratexias mariñas do 20.08.2024, emitido pola Subdirección Xeral para a Protección do Mar, pertencente á Dirección Xeral da Costa e o Mar. De conformidade co artigo 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección de medio mariño: "A autorización de calquera actividade que requira, ben a execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, o seu leito ou o seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o fondo mariño, así como as verteduras reguladas no título IV da presente lei, deberá contar co informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino, respecto da compatibilidade da actividade ou vertedura coa estratexia mariña correspondente de conformidade cos criterios que se establezan regulamentariamente".



12. Consta no expediente informe do 29.01.2026 emitido pola Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña; pertencente á Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación; toda vez que o ámbito da actuación solicitada, en concreto a condución de desaugadoiro, é coincidente coa zona de especial protección para as aves (ZEPA) ES0000554 "Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental", espazo protexido da Rede Natura 2000 de xestión estatal, así como con fondos mariños asociados ao tipo de hábitat de interese comunitario (THIC) 1170 Arrecifes incluído no Anexo I da Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE).

13. O 06.02.2026 recíbese na Subdirección Xeral do Litoral, procedente da Demarcación de Costas de Galicia, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a documentación relativa ao expediente de referencia, para os efectos de continuar coa súa tramitación e posterior resolución, de conformidade co disposto no Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

14. O 06.02.2026 Augas de Galicia remite ao Servizo de Xestión do Litoral da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, os seguintes informes emitidos en datas 29.01.2026 e 30.01.2026 pola Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña, solicitando informe do estado do expediente de ocupación do DPMT e a remisión, no seu caso, dos condicionantes de ocupación:

- «Informe relativo a la solicitud de concesión de ocupación de 1598,5 m² de DPMT, con destino a la conducción del vertido de aguas residuales procedente de la nueva EDAR de Foz, en Caldouceiros, en el t.m. de Foz, Lugo», do 29.01.2026;
- «Informe de afección relativo a la autorización de vertido de la conducción del vertido de aguas residuales procedente de la nueva EDAR de Foz, en Caldouceiros, en el t.m. de Foz, Lugo», do 30.01.2026.

15. O 24.03.2026, de conformidade co previsto no artigo 152.6 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, o Servizo do Litoral de Lugo solicitou ao Servizo Provincial de Costas en Lugo, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a emisión, no prazo máximo de 2 meses, de informe aos efectos do cálculo do canon de ocupación consonte co previsto nos artigos 181 e 182 do Regulamento Xeral de Costas, así como para que emita o seu criterio en relación coa garantía da integridade física e do uso público do dominio público marítimo-terrestre, no marco do disposto polo Real decreto 394/2025, de 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.



16. O 30.03.2026 Augas de Galicia remite á Subdirección Xeral do Litoral, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a proposta de resolución de autorización de vertido do expediente de referencia, emitida en data 25.02.2026, na que se establecen as condicións a impoñer por Augas de Galicia ao petionario. Ao mesmo tempo, achega a aceptación por parte do Concello de Foz dos devanditos condicionantes, asinada en data 16.03.2026.

17. O 28.05.2026 o Servizo do Litoral de Lugo remite un oficio ao Servizo de Xestión Ambiental das Augas, de Augas de Galicia, no que solicita a remisión de toda a información que figure no expediente acerca da solicitude de informe á Capitanía Marítima, vinculante de acordo co disposto no artigo 152.6 do RXC. Ao mesmo tempo, solicita a remisión do antedito informe para proceder á emisión do informe preceptivo e vinculante sobre a concesión de ocupación do DPMT.

18. O 05.06.2026 Augas de Galicia remite ao Servizo do Litoral de Lugo o informe da Capitanía Marítima de Burela, emitido en data 03.06.2026, en contestación á solicitude de Augas de Galicia do 28.05.2026.

O informe emitido pola Capitanía Marítima de Burela conclúe o seguinte:

"(...) Con respecto a la realización de vertidos a través de los emisarios submarinos proyectados desde fuente terrestre, por la presente se le comunica que lo anterior no es competencia de la Administración Marítima, por no constituir vertido desde buques, plataformas fijas, u otras instalaciones que se encuentren situadas en zonas en las que España ejerce soberanía, derechos soberanos o jurisdicción, distintas de oleoductos, gasoductos, cables submarinos, emisarios submarinos, y cualquier otro tipo de tuberías o instalaciones de carácter industrial o de saneamiento, de conformidad con lo establecido en los artículos 6, 7, 9, 263 y 266 del Texto Refundido de la Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante

En cuanto a la ejecución del proyecto del asunto, en su parte marítima, se deberán cumplir las condiciones siguientes: (...)".

As condicións para a execución fixadas no informe inclúense nas "CONDICIÓNS PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓNS", anexas a esta resolución.

19. O 05.06.2026 Servizo do Litoral de Lugo remite a Augas de Galicia o informe favorable sobre a solicitude de concesión do asunto, de conformidade co artigo 156.4 do RXC, indicando que deberán someterse á aceptación do Concello de Foz as condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión.

20. O 09.06.2026, tivo entrada no rexistro electrónico do Servizo do Litoral de Lugo o informe emitido pola Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre,



en contestación á solicitude do Servizo do Litoral, do 24.03.2026, referida no antecedente décimo quinto desta resolución.

21. O 12.06.2026 o Concello de Foz presentou a aceptación expresa das condicións ofertadas, que foi remitida a este servizo por Augas de Galicia en data 12.06.2026.

22. O 15.06.2026, tivo entrada no rexistro electrónico do Servizo do Litoral de Lugo a seguinte documentación, con orixe no Servizo de Proxectos e Obras Hidráulicas de Augas de Galicia, en contestación á solicitude trasladada por este Servizo do Litoral ao Servizo de Xestión Ambiental das Augas o 11.06.2026:

- Informe BI2504261/1-1, do 29.04.2026, remitido por Augas de Galicia á Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña (SXBTM) coa proposta de novas medidas compensatorias, plan de vixilancia ambiental, e aceptación de condicionados e requirimentos incluídos no informe BIO/24/271.5 desta SXBTM;
- Capas SHP xeradas para a avaliación das medidas;
- Informe BIO/24/271.7 da SXBTM, de data 12.05.2026.

III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE OCUPACIÓN DO DPMT E POSIBLES AFECCIÓNS

1. Necesidade da ocupación

O proxecto solicitado localízase sobre terreos de DPMT, conforme ao expediente de deslinde DL-28-LU, aprobado pola Orde Ministerial do 01.08.1996 e rectificado parcialmente por O.M. do 23.05.2017 e O.M. do 28.05.2018; e ao expediente de deslinde C-170-LU, aprobado pola Orde Ministerial do 04.05.1993 e rectificado parcialmente por O.M. do 05.06.2017.

Tal e como se detallou no apartado I.2. deste informe, o obxectivo do proxecto é a execución da nova EDAR de Foz e dos colectores, estacións de bombeo e impulsións necesarias para o transporte das augas residuais ata a nova EDAR, así como a execución dunha condución desaugadoiro por onde se evacúen ao mar as augas residuais tratadas.

A condución de desaugadoiro, as estacións de bombeo e os colectores que ocupan o DPMT forman parte do proxecto da nova EDAR e, polo tanto, atópanse entre as actividades ás que se refire o artigo 61 do RXC, polo que queda xustificada a necesidade de ocupación do DPMT. Así as cousas, a actuación solicitada é compatible coa LC e co RXC, en base aos artigos 32 e 58 da LC e aos artigos 61 e 117 do RXC.



2. Danos posibles ao DPMT

A actuación, en concreto a condución de desaugadoiro, coincide coa zona de especial protección para as aves (ZEPA) ES0000554 "Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental", espazo protexido da Rede Natura 2000 de xestión estatal, así como con fondos mariños asociados ao tipo de hábitat de interese comunitario (THIC) 1170 *Arrecifes* incluído no Anexo I da Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE). Por este motivo, consta no expediente informe da Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación, tal e como se recolle no apartado II deste informe.

O informe, emitido en data 29.01.2026 conclúe o seguinte:

"Tras el análisis de la documentación aportada por el promotor, así como la información bibliográfica disponible, como órgano gestor de la ZEPA ES0000554 'Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental', la SGBTM considera que la construcción de la conducción desagüe de la EDAR de Foz no tendrá una afección negativa significativa sobre los valores naturales objeto de conservación del espacio marino protegido, siempre que se respeten las siguientes condiciones".

As condicións e prescricións fixadas no dito informe inclúense nas "CONDICIÓN PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓN", anexas a esta resolución.

3. Informe de compatibilidade coas estratexias mariñas

De conformidade co artigo 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección de medio mariño: "A autorización de calquera actividade que requira, ben a execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, o seu leito ou o seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o fondo mariño, así como as verteduras reguladas no título IV da presente lei, deberá contar co informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino, respecto da compatibilidade da actividade ou vertedura coa estratexia mariña correspondente de conformidade cos criterios que se establezan regulamentariamente".

Dada a natureza da actuación solicitada, consta no expediente o preceptivo informe de compatibilidade, que foi emitido o 20.08.2024 e conclúe o seguinte:

"A la vista de la documentación e información disponible, se observa que los efectos de la actuación sobre los objetivos ambientales de la estrategia marina de la Demarcación Marina Noratlántica, en principio, no pondrá en riesgo la consecución, del buen estado ambiental.



De acordo al artículo 7.2 del Real Decreto 79/2019, de 22 de febrero, modificado por el Real Decreto 218/2022, de 29 de marzo, se emite informe de compatibilidad favorable con condiciones, que sustituye al emitido anteriormente el 6 noviembre de 2020”.

As condicións e prescricións fixadas no dito informe de compatibilidade inclúense nas “CONDICIÓNES PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓN”, anexas a esta resolución.

IV. FUNDAMENTOS DE DEREITO

IV.1. Competencia para resolver

O artigo 48.1 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (DOG núm. 133, do 13.06.2023), establece que, respectando o réxime xeral establecido na normativa de costas, as autorizacións e concesións do dominio publico marítimo-terrestre serán outorgadas polas consellerías competentes no momento no que se produza o efectivo traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral.

O 19.05.2025 publicouse o Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, en virtude do cal quedan traspasadas a esta comunidade as ditas funcións e servizos; nomeadamente, a xestión das concesións demaniais, que inclúe, en todo caso, o seu outorgamento, renovación, prórroga, modificación e extinción (BOE núm. 120, do 19.05.2025).

De conformidade co disposto no Decreto 50/2025, de 30 de xuño, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e os servizos traspasados pola Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral (DOG núm. 124, do 01.07.2025).

A competencia para resolver a solicitude presentada correspóndelle á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto no artigo 11.1.b) do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DOG núm. 101, do 27.05.2024), modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238, do 11.12.2024), e polo Decreto 106/2025, do 11 de novembro (DOG núm. 228, do 25.11.2025); e na disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño,



segundo o cal, no ámbito da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no dominio público marítimo-terrestre e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución.

IV.2. Marco xurídico

1. O expediente tramitouse conforme ao artigo 156 do RXC que regula o procedemento mediante o cal se outorgarán, conxuntamente, a autorización ou concesión por parte do órgano competente da Comunidade Autónoma, neste caso Augas de Galicia, para o funcionamento da actividade e a concesión para a ocupación pola mesma do dominio público marítimo-terrestre.

A solicitude deste informe implica, de acordo co precepto citado, a conformidade inicial do órgano substantivo, Augas de Galicia, ao proxecto obxecto deste informe.

2. O artigo 32 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (LC), desenvolvido polo artigo 61 do Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC), permite a ocupación do dominio público marítimo-terrestre para aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización.

3. O artigo 31.2 da LC, desenvolvido polo artigo 60 do RXC, sinala que os usos que teñan especiais circunstancias de intensidade, perigosidade ou rendibilidade e os que requiran a execución de obras e instalacións só poderán ampararse na existencia de reserva, adscrición, autorización e concesión, con suxeición ao previsto na LC, noutras especiais, no su caso, e nas normas xerais ou específicas correspondentes, sen que poda invocarse dereito algún en virtude de usucapión, calquera que sea o tempo transcorrido.

4. O artigo 64 da LC, desenvolvido polos artigos 131 e seguintes do RXC suxeita á previa concesión administrativa toda ocupación do DPMT con obras e instalacións non desmontables. Neste caso trátase da instalación de elementos non desmontables e polo tanto se tramita como unha concesión de ocupación do DPMT.

5. De acordo co artigo 117.1.a do RXC para as autorizacións de vertido o prazo máximo de vencemento queda limitado a trinta (30) anos. O prazo polo que se outorga a concesión é de vinte (20) anos, prorrogable por prazos de inferior duración, ata un prazo máximo de trinta (30) anos, se persisten as condicións de interese público que motivaron o outorgamento.



6. En atención ao sinalado no artigo 36 da LC, nas condicións incorporadas a este informe, inclúense todas aquelas medidas correctoras dirixidas a minimizar os posibles danos e prexuízos sobre o DPMT.

7. De acordo co disposto no artigo 42 da LC, para resolver sobre a ocupación ou utilización do DPMT achegarase o proxecto básico no que se fixarán as características das instalacións e obras, a extensión da zona de DPMT a ocupar e as demais especificacións que se determinen regulamentariamente. A este respecto, o solicitante achegou o proxecto "Colectores xerais e nova estación depuradora de augas residuais de Foz. Foz (Lugo)".

8. De conformidade co artigo 70 da LC, as concesións serán inscribibles no Rexistro da Propiedade e, unha vez extinguida a mesma, a inscrición será cancelada de oficio ou a petición do interesado ou da Administración.

9. Segundo o artigo 84 da LC, toda ocupación ou aproveitamento do DPMT en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que fora a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exixibles por aquela, estando obrigados ao pago do canon os titulares das mencionadas concesións e autorizacións.

De conformidade co disposto no apartado C.1. do Acordo de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, aprobado polo Real decreto 394/2025, do 13 de maio, a Administración Xeral do Estado se reserva as funcións de fixar o importe dos cánones pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo terrestre, de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados por estes conceptos, así como recadar os seus importes.

De conformidade co disposto no artigo 84.8 da LC, as Comunidades Autónomas, as entidades locais e as entidades de dereito público dependentes delas, están exentas do pago do canon de ocupación nas concesións que se lles outorguen para o exercicio das súas competencias, sempre que as mesmas non sexan obxecto de explotación lucrativa.

10. A emisión do informe solicitado á Administración Xeral do Estado referido nos antecedentes décimo quinto e vixésimo desta resolución produciuse con carácter extemporáneo, unha vez transcorrido o prazo máximo de 2 meses previsto no Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral. Nel, a Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre non emite o seu criterio en relación coa garantía da integridade



física e do uso público do dominio público marítimo-terrestre, nin comunica o importe do canon correspondente pola utilización ou o aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre ou a exención do mesmo, no seu caso, solicitando:

“Dejar en suspenso la solicitud de concesión formulada por Augas de Galicia para la ocupación de 1.598,5 m2 de dominio público marítimo-terrestre, con destino a conducción de vertido de aguas residuales procedentes de la nueva EDAR de Foz, en Caldouceiros, en el término municipal de Foz (Lugo), hasta que se aporte la documentación definitiva del proyecto constructivo de acuerdo con lo indicado en la consideración 6) de esta resolución.”

A dita consideración 6) indica o seguinte:

“Con fecha 6 de mayo de 2026 la Subdirección General de Biodiversidad Terrestre y Marina pone en conocimiento de esta Unidad que Augas de Galicia ha remitido una propuesta de medida compensatoria relativa a la conducción de desagüe de la nueva estación depuradora de aguas residuales de Foz (Lugo). A la vista de la información aportada, se deduce que se está produciendo una modificación de la solución constructiva de la conducción de desagüe conforme a las consideraciones formuladas por la citada Subdirección General, recogido en el antecedente XIX). Por lo tanto, para poder emitir informe, se deberá aportar el proyecto modificado que refleje la ocupación en DPMT en su configuración definitiva.”

11. A documentación remitida por Augas de Galicia a este Servizo do Litoral o 15.06.2026 incorpora o informe BI2504261/1-1, que reflicte a ocupación en DPMT na súa configuración definitiva coas medidas compensatorias acordadas, así como o novo informe BIO/24/271.7, emitido pola SXBTM en data 12.05.2026, que conclúe o seguinte:

“Una vez analizada la documentación aportada y de acuerdo con la reunión mantenida por parte del promotor y la SGBTM con fecha de abril de 2026, esta última considera que las medidas contempladas por el promotor cumplen con lo consensuado ya que 1) implican la reducción de la ocupación del fondo marino por la conducción de desagüe, pasando de 40 m a 6 m, 2) se prevé la instalación de sacas de grava debajo de escollera, aumentando la superficie de THIC 1170 y 3) se realizaría una limpieza de residuos antrópicos identificados en la zona para evitar su movilización y dispersión durante las obras.

Por los motivos previamente expuestos, la SGBTM considera que las obras de instalación de la conducción de desagüe de la nueva EDAR de Foz, no supondrán una afección negativa significativa sobre la ZEPA ES00000554 ‘Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental’ ni sobre los THIC 1110 y THIC 1170, siempre que se cumplan las siguientes condiciones:”





Neste informe BIO/24/271.7, a SXBTM resalta que o seu informe BIO/24/217.5, do 29.01.2026, *"se resuelve favorable bajo una serie de condiciones, entre las cuales se requiere la remisión, por parte del promotor a la SGBTM, de una propuesta específica de medidas compensatorias orientadas a revertir la pérdida neta del THIC 1110 y THIC 1170 que la SGBTM ha confirmado que se verían afectado por las obras"*.

En consecuencia, o informe BIO/24/271.7 actualiza as condicións e prescricións que fixaba o informe BIO/24/271.5, do 29.01.2026, tras o acordo acadado polo promotor e a SXBTM en relación ás medidas compensatorias requiridas.

Estas condicións e prescricións actualizadas derivan das fixadas pola SXBTM no informe BIO/24/271.5, do 29.01.2026, que se incluían no informe favorable sobre a solicitude de concesión do asunto emitido polo Servizo do Litoral de Lugo o 05.06.2026, e que xa foron aceptadas polo concesionario.

De tal xeito, incorpóranse estas novas condicións que fixa o informe BIO/24/271.7 entre as "CONDICIÓNES PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓNES", anexas a esta resolución.

V. RESOLUCIÓN

Á vista de canto antecede, e do informe do Servizo do Litoral de Lugo,

RESOLVO

OUTORGAR ao Concello de Foz a concesión de ocupación de mil novecentos oitenta con trinta e dous metros cadrados (1.980,32 m²) de dominio público marítimo-terrestre, con destino a colectores xerais e nova EDAR en Foz, no termo municipal de Foz (Lugo), por un prazo de vinte (20) anos, prorrogable por prazos de inferior duración ata un prazo máximo de trinta (30) anos, de acordo coas condicións e prescricións fixadas nesta resolución e nos seus anexos.

As administracións públicas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados dende o día seguinte ao da recepción desta resolución, sen prexuízo da formulación, se é o caso, do requirimento previo previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
Paula María Uría Traba



CONDICIÓNS XERAIS DA CONCESIÓN

Disposicións xerais

1ª. A presente concesión, que non implica cesión do dominio público nin das facultades dominicais do Estado, outórgase con suxeición ao disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (LC), e no Regulamento Xeral de Costas, aprobado polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC).

2ª. Esta concesión outórgase polo prazo que se establece nas condicións particulares, (CP) de acordo co indicado no artigo 135.4.c do RXC. O seu cómputo iníciase o día seguinte da data de notificación do outorgamento ao concesionario. As posibles prórrogas axustaranse ao establecido na LC e no RXC.

3ª. As obras realizaranse de acordo co proxecto subscrito por facultativo competente, segundo nome e data que se indica no apartado 2 de antecedentes deste informe coas determinacións e modificacións que neste se impoñan. A súa execución levarase a cabo baixo o exclusivo risco e responsabilidade do concesionario, quen deberá designar como director das obras a unha persoa facultativa competente.

4ª. Esta concesión non implica a asunción de responsabilidades pola consellería competente en materia de litoral en relación co proxecto e a execución e explotación das obras e instalacións, tanto respecto a terceiros como ao concesionario.

5ª. O outorgamento desta concesión non exixe ao seu titular da obtención dos títulos habilitantes e outras autorizacións que sexan preceptivos.

6ª. Esta concesión non implica a autorización para levar a cabo actividades auxiliares fóra dos límites da mesma, tales como provisións, almacenamentos ou depósito dos residuos da explotación, nin para facer publicidade audiovisual, salvo aquela que sirva para indicar o título e uso da concesión, previa conformidade do Servizo do Litoral correspondente.

7ª. O concesionario queda obrigado a instalar e conservar ás súas expensas a sinalización terrestre provisional durante as obras, así como a definitiva, que deberá incluír a dos accesos e zonas de uso público.

8ª. O concesionario queda obrigado a presentar o título desta concesión dentro do prazo de trinta (30) días, contados desde o seguinte á notificación do outorgamento, na Oficina liquidadora que corresponda, a efectos de satisfacer, se procede, o Imposto Xeral sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, conforme ao texto refundido do devandito imposto, actualmente vixente, e a entregar o xustificante no Servizo do Litoral correspondente.



Así mesmo, no mesmo prazo, deberá entregarse a documentación que acredite a constitución, se procede, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na Consellería de Facenda ou nas Delegacións Provinciais da ATRIGA), da fianza definitiva equivalente ao cinco por cento (5%) do orzamento total das obras e instalacións a realizar no dominio público.

9ª. O concesionario queda obrigado a repoñer e conservar os fitos do deslinde aos que estea referida a concesión, na forma que se lle indique polo Servizo do Litoral correspondente.

10ª. O concesionario será responsable dos danos e prexuízos que poidan causar as obras autorizadas, directa ou indirectamente, nas praias e costas inmediatas ou próximas, a xuízo do Servizo do Litoral correspondente, debendo presentar para estes efectos, e no prazo que se lle sinale, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas, a fin de reparar os danos causados polas mesmas. Unha vez aceptado o devandito proxecto polo órgano competente en materia de litoral, o concesionario realizará as obras no prazo que se lle indique.

Canons, taxas e gastos

11ª. A Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, sen prexuízo da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para establecer outros canons por explotación de actividade.

Previamente ao comezo das actuacións, o solicitante deberá dirixirse ao órgano competente da Administración do Estado (Demarcación de Costas de Galicia ou Servizo Provincial de Costas correspondente do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico) para a liquidación e abono do canon correspondente pola ocupación do dominio público marítimo terrestre, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do RXC e deberá entregar o xustificante no Servizo do Litoral correspondente.

As Comunidades Autónomas, as entidades locais e as entidades de dereito público dependentes delas, están exentas do pago do canon de ocupación nas concesións que se lles outorguen para o exercicio das súas competencias, sempre que as mesmas non sexan obxecto de explotación lucrativa.

Replanteo das obras

12ª. O concesionario solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente, coa suficiente antelación para que as obras poidan comezarse dentro do prazo, a comprobación do replanteo das mesmas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do director de obra, levantándose acta e planos xeral e de detalle,



correspondendo ao órgano competente en materia de litoral a súa aprobación, se procede.

Nos devanditos planos deberán representarse, polo menos, coas suficientes referencias fixas:

- a) O deslinde do dominio público (liñas interior e exterior da zona marítimo-terrestre e, no seu caso, liña de praia ou doutras pertenzas do dominio público marítimo-terrestre).
- b) No seu caso, os accesos públicos ao dominio público marítimo ata a súa conexión con viais públicos.
- c) O dominio público en concesión e a súa ocupación coas obras do proxecto, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición.
- d) As zonas de distinto uso, público e privado.
- e) Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies mencionadas e o seu carácter.

Execución das obras

13ª. O concesionario dará comezo ás obras e as terminará dentro dos prazos que se sinalan nas condicións particulares.

14ª. O concesionario non poderá ocupar, para a execución das obras, espazo algún do dominio público fóra do autorizado especialmente para iso polo Servizo do Litoral correspondente.

15ª. Se transcorrido o prazo sinalado para o comezo das obras, estas non se iniciaron e o concesionario non solicitase a prórroga daquel, a Administración poderá declarar resolta ou anulada a concesión, quedando a favor da Administración Autonómica a fianza constituída.

16ª. O Servizo do Litoral provincial correspondente poderá inspeccionar en todo momento a execución das obras, para comprobar se as mesmas se axustan ao proxecto en base ao cal se outorgou a concesión. Se apreciase a existencia de desviacións en relación co mesmo, ordenará a paralización das obras na forma establecida polo artigo 103 da LC, incoando, no seu caso, os expedientes que correspondan e, en particular, o de caducidade cando as modificacións sexan de sensible importancia.

17ª. Se o concesionario incumprise o prazo de terminación das obras sen solicitar a prórroga do mesmo, será potestativo do órgano competente concederlle unha prórroga do devandito prazo, con posibilidade dunha sanción de ata o dez por cento (10%) do orzamento total das obras, ou incoar o expediente de caducidade da concesión. Se se concedese a dita prórroga, a mesma será a última que poderá outorgarse nestas condicións, polo que un novo incumprimento levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.



18ª. Se o concesionario, antes de terminar as obras e instalacións, renunciase total ou parcialmente á concesión, perderá a fianza constituída, a menos que demostrase que a renuncia foi motivada pola denegación, por parte doutros organismos oficiais, dos títulos habilitantes, permisos ou outras autorizacións necesarias. Ademais, salvo decisión contraria do órgano competente, quedará obrigado a levantar as obras e instalacións á súa costa, deixando o terreo da concesión libre de toda ocupación, no prazo que se lle sinale.

Recoñecemento das obras

19ª. Unha vez terminadas as obras, o concesionario presentará o certificado final da obra, subscrito polo seu director e visado polo seu colexio profesional, no que deberán estar incluídas todas as obras, mesmo, no seu caso, as correspondentes á vertedura de augas residuais ao mar, e solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente o recoñecemento final das mesmas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do seu director de obra, levantándose acta e planos cos mesmos requisitos que os de replanteo. O incumprimento desta condición levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

20ª. A fianza definitiva devolverase ao concesionario ao ano de ser aprobados polo órgano competente a acta e os planos de recoñecemento final das obras. As ditas obras substituirán entón á fianza e responderán do cumprimento das cláusulas desta concesión, cando fose procedente.

Conservación das obras

21ª. O concesionario queda obrigado a conservar manter as obras e terreos concedidos en perfecto estado de utilización, mesmo desde os puntos de vista de limpeza, de hixiene e de estética, realizando ao seu cargo os traballos de conservación e mantemento e cantas reparacións sexan precisas para iso. Cando estas teñan o carácter de gran reparación, o concesionario deberá presentar previamente, para a súa aceptación, no seu caso, pola Administración, o proxecto correspondente.

22ª. O Servizo do Litoral correspondente poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación e mantemento das obras e terreos concedidos e sinalar as reparacións e outras accións que deban realizarse para o cumprimento dos termos da concesión, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle indique e na forma establecida na anterior condición. Se o concesionario non realizase estas actuacións no prazo establecido, o órgano competente da Administración Autonómica poderá impoñerlle unha sanción económica que non exceda do 10% do orzamento total das obras autorizadas, concedéndolle un novo prazo de execución. Se o concesionario non executase as reparacións neste novo prazo, incoarase o expediente de caducidade da concesión.



23ª. A destrución de todas ou da maior parte das obras autorizadas por medio de concesión, sempre que se deba a causas de forza maior, dará dereito ao concesionario a optar entre a renuncia á concesión sen dereito a indemnización algunha e coa obrigación de demoler e retirar os restos das obras, ou a reconstrución ás súas expensas das mesmas no prazo que se lle sinale polo órgano competente. Se a destrución ocorre por dolo ou culpa do concesionario ou persoas que del dependan, a opción anterior corresponderá ao órgano competente, aínda que no caso de que o concesionario non presente a renuncia á concesión, instruírase o expediente de caducidade da mesma.

24ª. Se o concesionario, unha vez terminadas as obras e aprobada a acta de recoñecemento final das mesmas, renunciase total ou parcialmente á concesión, quedará obrigado, de acordo co que se determine polo órgano competente da Administración Autonómica a entregar as obras e instalacións ao dominio público estatal ou levantalas á súa costa, deixando neste último caso o terreo total ou parcialmente libre de ocupación.

Uso e explotación

25ª. O concesionario non poderá destinar os terreos de dominio público concedidos, nin as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados na concesión.

26ª. Se durante a vixencia da concesión se advertise a realización de obras ou usos non amparados pola mesma, o Servizo do Litoral correspondente ordenará, respectivamente, a súa paralización ou suspensión, na forma e cos efectos previstos no artigo 103 da Lei de costas. Se as infraccións cometidas, fosen de importancia notoria, incoarase, así mesmo, expediente de caducidade da concesión.

Transferencia

27ª. A transferencia das concesións axustarase ao establecido no artigo 70.2 da Lei de costas.

Outras disposicións

